

# ESCOITAR O MUNDO

REAL FILHARMONÍA  
DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

Xoves 5 xaneiro 2023

Auditorio de Galicia, 21:00 h

---

## CONCERTO DE REIS

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

**Paul Daniel**, director



# PROGRAMA

PIOTR ILYICH CHAIKOVSKI (1840-1893)

O Crebanoces, op. 71 TH 14

*Abertura*

*ACTO I*

*A decoración da árbore de Nadal*

*Marcha*

*Galope da cativada e Entrada dos pais*

*Escena de danza*

*Chegada de Drosselmeyer*

*Escena (Clara e o crebanoces)*

*Escena (A Batalla)*

*Escena (O bosque de piñeiros no inverno)*

*Valse das folerpas de neve*

*ACTO II*

*Escena (O Castelo Máxico no Reino dos Doces)*

*Escena (Clara e o crebanoces)*

*Divertissement*

*Chocolate (Danza española)*

*Café (Danza árabe)*

*Té (Danza chinesa)*

*Trepak (Danza rusa)*

*Mirlitóns*

*Valse das flores*

*Paso a dous*

*Variation II (Danza da Fada do azucre)*

*Coda*

*Valse*

*Apoteose*

---

Duración aproximada do concerto: 75 minutos sen pausa

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

# REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

## TEMPORADA DE ABONO 2022-23

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann é, desde xaneiro de 2023, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora invitada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

### Director

Paul Daniel

### VIOLÍNS I

Adriana Winkler  
(concertino)  
Anca Smeu (axuda  
de concertino)  
Victoria Jurov\*\*  
Yulia Petrushevskaya  
Michal Ryczel  
Ilya Fisher  
Claudio Guridi  
Anna Alexandrova  
Daniel Kordubaylo

### VIOLÍNS II

Grigori Nedobora \*  
Nikolay Velikov \*\*  
Helena Sengelow  
Kiyoko Ohashi  
Gyula Vadaszi  
Enrique Roca  
Irina Gruia  
Samira Ajkic

### VIOLAS

Tilmann Kircher \*  
Natalia Madison \*\*  
Iriana Fernández  
Anne  
Schlossmacher  
Timur Sadykov  
Teresa Cardoso (R)

### VIOLONCELLOS

Plamen Velev \*  
Barbara Switalska \*\*  
Thomas Piel  
Millán Abeledo  
Carlos García

### CONTRABAIXOS

Carlos Méndez \*  
Alfonso Morán \*\*  
Amador del Pozo

### FRAUTAS

Laurent Blaiteau \*  
Aleix Vaqué (R)

### ÓBOES

Christina Dominik \*  
Esther Viúdez \*\*

### CLARINETES

Vicente López \*  
Bernardino  
Assunção (R)

### FAGOTES

Juan Carlos Otero \*  
Manuel Veiga \*\*

### TROMPAS

Jordi Ortega \*  
Xavier Ramón \*\*

### TROMPETAS

Javier Simó \*  
Ramón Llátser \*\*

### TROMBÓNS

Iago Ríos (R)  
Marcos Dorado (R)

### TIMBAL

José Vicente Faus \*

### PERCUSIÓN

Marta Prado (R)  
Juan Antonio  
Vázquez (R)

### ARPA

Bleuenn Le Fricc  
(R)

### CELESTA

Haruna Takebe (R)

# REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

## TEMPORADA DE ABONO 2022-23

### PAUL DANIEL DIRECTOR

---

Foi director principal e artístico da Real Filharmonía de Galicia desde 2013 ata 2022, sendo tamén o director musical da Orquestra Nacional de Bordeos desde o 2013 ata o 2021. Ocupou o mesmo cargo na Orquestra Sinfónica de Australia Occidental en Perth de 2009 a 2013 e ten actuado como director invitado coas principais orquestras e compañías de ópera de todo o mundo, ademais de ocupar varios postos permanentes. De 1997 a 2005 foi director musical da English National Opera; de 1990 a 1997 foi director musical de Opera North e director principal da English Northern Philharmonia; e de 1987 a 1990 foi director musical da Opera Factory. Entre os seus compromisos como convidado de ópera atópanse a Royal Opera House, Covent Garden, La Monnaie de Bruxelas, a Bayerische Staatsoper de Múnic, a Deutsche Oper de Berlín, a Semperoper de Dresde e a Metropolitan Opera de Nova York.

Os compromisos orquestrais de Paul Daniel inclúen actuacións coa Philharmonia, a Filharmónica de Londres, a OAE (coa que gravou *Elijah* para Decca), a Orquestra Sinfónica da Cidade de Birmingham, a Academia de Música Antiga, a Orquestra de París, a Orquestra Sinfónica da Radio de Baviera, a Gürzenich-Orchester Köln, a Gewandhaus de Leipzig, a Filharmónica da Radio dos Países Baixos, a Filharmónica de Tampere, a Orquestra de Cleveland, a Sinfónica de Milwaukee, a Filharmónica de Nova York e a Filharmónica de Los Ángeles. Os seus plans operísticos recentes e futuros inclúen *Lucrezia Borgia* e *As vodas*


*de Fígaro* para a English National Opera, *Gloriana* para o Covent Garden, un novo encargo de Judith Weir para o Festival de Bregenz e o Covent Garden, *Lulu* para La Monnaie de Bruxelas, un programa dobre de *L'Enfant et les Sortilleges* e *Der Zwerg* para a Opera National de París, *Les Troyens* para a Deutsche Oper de Berlín, *Hänsel und Gretel* en Zúric, *A Village Romeo and Juliet* para a Ópera de Frankfurt e *Werther* para o New National Theatre de Toquio. No verán de 2019 Paul Daniel dirixiu a estrea mundial de *The Thirteenth Child* de Poul Ruders en Santa Fe, e *Elektra*, *Tristan und Isolde* e *Die Walküre* en Bordeos. No que respecta a outras agrupacións orquestrais coas que colabora, destacan concertos coa Filharmónica da BBC, a Royal Philharmonic, a Sinfónica de Hamburgo, a Rundfunkorchester de Múnic, a Academia Nacional de Música de Australia, a Nova Orquestra Nacional de Gran Bretaña e o Festival de Bregenz.

As súas numerosas gravacións inclúen o exitoso CD da *Terceira Sinfonía* de Elgar en Naxos e unha discografía en expansión coa Orquestra Nacional de Bordeos. A súa interpretación de *Lulu* para La Monnaie, con Barbara Hannigan no papel principal, foi editada nun premiado DVD.

Dos premios que recibiu destaca un Olivier pola súa aportación á ópera e un Gramophone pola súa serie sobre música inglesa gravada co selo Naxos. Nos New Year's Honour do ano 2000 foi condecorado coa Cruz do Imperio Británico.

Contemporáneo do Grupo dos cinco (Balakirev, Cui, Moussorgski, Borodin, Rimski- Korsakov), ao que se achegou cando era novo, Chaikovski representa a creación musical que cultiva as influencias chegadas de Europa sen deixar de amosar un auténtico amor pola tradición e creación do seu país, todo isto partindo da técnica como condición imprescindible. Foi un compositor ecléctico cuxo catálogo comprende obras de case todos os xéneros existentes como as súas óperas, *Eugene Onegin* e *A dama de picas*; a súa cualificada produción sinfónica (aberturas, concertos, poemas como *Romeo e Xulieta*, *Francesca da Rimini*, seis sinfonías) ou *O lago dos cisnes*, *A bela durminte* e *O Crebanoces*, considerados os máis grandes ballets do século XIX e cos que acadou o éxito da man do coreógrafo Marius Petipa e o bailarín Lev Ivanov. Para compoñer *O Crebanoces* baseouse no conto *O crebanoces e o rei dos ratos* de E.T.A. Hoffmann, na versión de Alexandre Dumas, aínda que non era moi do seu gusto. De feito, tampouco o público simpatizou coa historia pero si foi seducido pola música, unha selección de oitos números do ballet cos que Chaikovski concibiu unha suite de concerto, interpretada en salas de concertos antes da presentación da peza en escena. A composición d'*O Crebanoces* comeza en xaneiro de 1891

e, grazas á insistencia de Petipa, a idea fíxose máis atractiva para Chaikovski tal e como lle comentou ao seu irmán: “Estou empezando a reconciliarme co tema do ballet. Eu penso que poderei rematalo antes de miña partida”. Mais non foi así, pois escribiu o *Vals das Flores* dous días antes da súa longa viaxe a Nova York para dirixir na inauguración do Carnegie Hall e a estadía prolongouse ata rematar unha xira de concertos noutras cidades americanas da que foi director. Recupera o ballet cando volve ao seu país, finalizando o primeiro borrador en xullo de 1891 cando comezaba a composición da ópera *Iolanda*. Ambas as obras foron estreadas en decembro de 1892 diante do Tsar Alexandre III nun ensaio xeral e, pouco despois, ante o público cuxa reacción describiu así o propio compositor nunha carta datada en 1893: “A ópera evidentemente foi moi ben recibida, en cambio o ballet non... Os xornais criticáname moi cruelmente”. Varias circunstancias puideron levar a esas críticas como o feito de que Petipa, tras as súas rixidas demandas, enfermou antes do comezo dos ensaios polo que a posta en escena foi rematada polo seu asistente, Lev Ivanov, quen non tiña a mesma visión do ballet que o titular. Tamén puideron influír o xurdimento do romanticismo xermano, o argumento do conto, a mestura de realidade e



# REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

## TEMPORADA DE ABONO 2022-23

---


fantasía, de escenas para adultos e nenos ou a forma do ballet algo diferente á convencional e, sobre todo, aos dous ballets anteriores do autor. Sen embargo, co tempo, foi gañando recoñecemento e éxito dadas as súas extraordinarias melodías e, contraditoriamente, o ambiente familiar que respira a historia de Nadal que ten lugar na casa do xuíz Stahlbaum (Silberhaus nalgúns versións), onde os seus fillos Fritz e Clara abren os agasallos. Clara (tamén nomeada como Maria, Marie ou Masha) recibe do seu padriño un gran crebanoces con forma de soldadiño de madeira que se desmonta por accidente e serve de pretexto para ver lugares inimaxinables, como o Reino dos doces, no que os soldados de xenxibre cobran vida para loitar contra ratos e o crebanoces transfórmase en príncipe coa axuda de Clara.

Para a partitura, Chaikovski cinguíu cada sección ás instrucións de tempo e números de compases que Petipa demandou e, con esa dificultade, o traballo é recoñecido pola sutileza das súas notas de xeito que un dos críticos musicais máis famosos de Estados Unidos, Harold C. Schonberg, escribiu: “A súa música é doce, inesgotable e súper sensual, fonte de melodía, con un toque de neurose. Tan emotivo como un berro desde unha fiestra nunha noite escura”. Mais prescindindo da danza, da escena, das esixencias

e da azucrada superficialidade do ballet, destaca a emoción da música, así como as súas formas de ballet revitalizadas con técnicas e estratexias da música sinfónica. Un aspecto relevante d’*O Crebanoces* é a brillantez da orquestración do compositor e o seu imaxinativo da cor instrumental, xunto cunha poderosa despregadura de harmonía para un efecto dramático. O ballet está composto arredor de dúas tonalidades: Si bemol maior (a abertura) e Mi maior (para a chegada ao Reino dos doces). Musicalmente, son completamente opostos, o que permite resaltar o contraste entre realidade e fantasía. Chaikovski cambia de tons, remarcando a ambigüidade e a tensión que rodea aos personaxes mesmo para establecer identidades de cada un no acto I. Por exemplo, a entrada do señor Drosselmeyer —padriño de Clara— está acompañada por unha estraña pero efectiva combinación de tubas, trombóns e sinistras trompas e violas caladas pois Marius Petipa pensara nel como un home “serio, algo aterrador, logo cómico”. A orquestración da peza marca a acción dramática, cando a escena aborda o sobrenatural ou o extraordinario, Chaikovski fai algo especial na orquestra. No número onde o coreógrafo describe unha fonte de auga de rosas, o compositor crea un doce son en cascada a cargo das frautas usando, *frullato*, unha técnica que consegue un efecto

de trémolo ou vibrato facendo oscilar a lingua mentres se sopran as notas normais. No *Castelo Máxico* do inicio do acto II asoman frautas florecentes e ondulantes pasaxes da arpa e a celesta, instrumento que o compositor descubriu nunha viaxe a París descrito por el como “algo que se encontraba entre o piano e o glockenspiel, cun divino e fermoso ton” pedíndolle ao seu editor Jürgenson que lle mercara un. Pero un dos momentos máis máxicos é, precisamente, o uso do son característico da celesta na *Danza da Fada do azucre*, escoitado tamén no segundo acto; unha danza pausada e lixeira cuxa melodía principal está a cargo deste instrumento, acompañada polos *pizzicati* dos violíns e as secuencias puntuais dos violonchelos. A celesta destila os delicados efectos, a cor exótica e o lirismo que fan irresistibles esas pasaxes sen menoscabo doutras como a *Té* (danza chinesa), un *allegro moderato* que abre cun motivo rítmico repetido do fagot secundado, de novo, polos *pizzicati* neste caso de todas as cordas; *Chocolate*, un baile español cun brillante só para trompeta ou a *Café* (danza árabe) cuxa sonoridade oriental chega dunha canción de berce xeorxiana. O *Trepak* é unha danza tradicional rusa cuxa festiva melodía captura a emoción e o axetreo caótico que forman parte dos preparativos do Nadal. A danza dos *Mirlitóns* presenta a sección de frauta con respostas de corno inglés. Ninguén pode

esquecer o famoso *Vals das Flores*, cun fermoso só de arpa e o seu gran estilo sinfónico. Sen embargo, *O Crebanoces* acadou fama e recoñecemento mundial co éxito absoluto da versión que realizou para o New York City Ballet, en 1954, o coreógrafo George Balanchine, revitalizador da danza en Estados Unidos na primeira metade do século XX coa súa defensa do clasicismo iniciado, precisamente, por Petipa, Ivanov e Fokine.



# PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 12 xaneiro 2023

Auditorio de Galicia, 20:30 h

## FRANCIS POULENC: LE VOIX HUMAINE

- Nicola Beller Carbone, Ela (soprano)
- Juan Pérez Floristán, El (piano)
- Luis Tausía, O insoportable medo a morrer sós (actor)
- Rafael R. Villalobos, dirección, dramaturxia, espazo escénico, vestuario e iluminación

**Sala Mozart 19:00 h**

Conversando con... Luis Gago

Xoves 19 xaneiro 2023

Auditorio de Galicia, 20:30 h

## ESCOITANDO AS ESTRELAS

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

**Paul Daniel**, director

**Peter Moore**, trombón

- Henri Duparc: Aux étoiles (Ás estrelas)
- Jessie Montgomery: Starburst (Estalido estelar)\*
- Jonathan Dove: Stargazer (Astrónomo), concerto para trombón e orquestra
- Antonín Dvořák: Sinfonía núm. 6 en Re maior, op. 60, B.112

\* Estrea en España

**Sala Mozart 19:45 h**

Conversando con... Paul Daniel



Compostela  
Cultura

### AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n  
15705 Santiago de Compostela

### DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)  
T 981 542 462 Zona C

### OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

[www.rfgalicia.org](http://www.rfgalicia.org)  
[www.compostelacultura.gal](http://www.compostelacultura.gal)



RealFilharmoniadeGalicia  
CompostelaCultura



@rfgalicia  
@CCultura



@realfilharmoniadegalicia  
@compostelacultura



CONSORCIO DE  
SANTIAGO



GOBIERNO  
DE ESPAÑA



CONCELLO DE  
SANTIAGO



XUNTA  
DE GALICIA



AUDITORIO DE GALICIA



Deputación  
DA CORUÑA